

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

2063 *Real decreto 71/2017, do 10 de febreiro, polo que se aproban os estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes (COEM).*

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, autorizada polo Decreto do 5 de maio de 1954 e creada pola Orde do ministro de Agricultura do 12 de xaneiro de 1955.

Os seus actuais estatutos aprobáronse mediante o Real decreto 337/1999, do 26 de febreiro, e foron modificados para adecuarse aos cambios normativos acaecidos no transcurso da súa vixencia en 2006 e 2007.

Os cambios introducidos pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, incorporada ao noso ordenamento a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a través da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que modifica no seu artigo 5 a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, fan necesario adaptar os estatutos do Colexio. Así mesmo, é necesario recoller os cambios derivados de Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

Deste modo, co fin de actualizar os seus estatutos e de adaptalos aos novos principios introducidos no noso ordenamento, apróbanse os novos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes (COEM).

Neles mantense expresamente a obrigación de colexiación para o exercicio da profesión, de acordo co establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 25/2009, dada a importancia que esta cuestión presenta e co fin de evitar equívocos. E prevese que, cando se aprobe a lei estatal a que se refire a dita disposición transitoria, a obrigación de colexiación o será na medida en que tal lei estatal a recolla e nos termos que nela se establezan.

O Colexio Oficial, unha vez oídos os decanos autonómicos ou territoriais e logo de ratificación da Xunta Xeral, elevou a proposta de novos estatutos á consideración do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo coas previsións do artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de febreiro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes (COEM).*

Este real decreto ten por obxecto a aprobación dos estatutos xerais do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes (COEM).

Disposición derogatoria única. *Derrogación do Real decreto 337/1999, do 26 de febreiro.*

Queda derogado o Real decreto 337/1999, do 26 de febreiro, polo que se aproban os estatutos do Colexio de Enxeñeiros de Montes.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Salvagarda de competencias autonómicas.*

A regulación contida nos estatutos aprobados mediante este real decreto establécese sen prexuízo da que resulte no caso de que as comunidades autónomas, en virtude das competencias que teñen atribuídas en materia de colexios profesionais, constitúan colexios de enxeñeiros de montes ou consellos autonómicos nos seus respectivos territorios.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de febreiro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ESTATUTOS XERAIS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS DE MONTES

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Definición e obxecto.*

Os presentes estatutos xerais regulan a organización do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes (COEM). A organización colexial actuará ao servizo do interese xeral da sociedade mediante o exercicio das funcións e competencias que lle son propias.

Artigo 2. *Natureza, réxime xurídico e competencia.*

1. O COEM é unha corporación de dereito público, creada polo Decreto do 5 de maio de 1954, recoñecida e amparada polo artigo 36 da Constitución e regulada pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, por estes estatutos, o Regulamento de réxime interior, o código deontolóxico e outras normas de desenvolvemento destes, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, e ten competencia sobre os seus colexiados en todo o territorio nacional.

Poderase considerar autoridade competente de acordo co previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, soamente na medida en que así o dispoña a lexislación de colexios profesionais e de profesións reguladas.

2. O emblema do Colexio, conforme o establecido na Real orde do 10 de decembro de 1857, que aprobou o uniforme e os distintivos para os enxeñeiros do corpo de montes, está constituído por marco real e picaraña, cruzados e enlazados, contornados por dúas ramas, unha de aciñeira e outra de loureiro, atadas na parte inferior e abertas na superior, timbrado todo dunha coroa real colocada ao aire. Os elementos, todos de ouro, citáronse de esquerda a dereita.

Artigo 3. *Ámbito territorial e sede.*

1. O COEM ten ámbito nacional con plena representación nas comunidades autónomas por si mesmo ou a través dos seus órganos autonómicos ou territoriais.

2. A sede do COEM radicará en Madrid, sen prexuízo de poder establecer outras nos distintos territorios ou comunidades autónomas, de acordo co previsto nos presentes estatutos e no Regulamento de réxime interior.

Artigo 4. *Relación coa Administración.*

O COEM relaciónase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ou co que no futuro poida asumir as competencias en materia forestal ou de ambiente.

CAPÍTULO II

Fins e funcións

Artigo 5. *Fins.*

O COEM terá como fins esenciais os seguintes:

a) Ordenar o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes co obxecto de garantir a ética e dignidade profesional, os dereitos da cidadanía e o interese xeral, e exercer a súa representación institucional exclusiva cando estea suxeita a colexiación obrigatoria.

- b) Fomentar a solidariedade profesional, contribuír ao progreso da enxeñaría de montes, cooperar na conservación do seu legado histórico e promover as competencias desta titulación.
- c) Colaborar coas administracións públicas e institucións nacionais e internacionais.
- d) Protexer os intereses dos consumidores e usuarios dos servizos profesionais dos seus colexiados.
- e) Defender os intereses profesionais dos colexiados, o que non se poderá antepor á protección dos intereses dos consumidores e usuarios.

Artigo 6. *Funciós.*

Para o cumprimento dos fins indicados enuméranse, a título enunciativo e non limitativo, as seguintes funciós:

- a) Representar e defender os intereses profesionais dos colexiados ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares con lexitimación para seren parte en litixios que afecten os ditos intereses e exercer o dereito de petición conforme a lei en todos os ámbitos propios da súa actividade.
- b) Facilitar ás administracións públicas, conforme a normativa aplicable, canta información lle sexa requirida en relación cos seus colexiados e co funcionamento do Colexio.
- c) Procurar, en defensa dos intereses das persoas e da sociedade, a máxima calidade e a debida responsabilidade no exercicio da actividade profesional, con especial atención ao respecto das normas deontolóxicas, impondo, cando proceda, e facendo efectivas as medidas disciplinarias correspondentes.
- d) Vixiar que o exercicio profesional se realice en réxime de libre competencia e que se ataña á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, á Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a calquera outra norma que se dite ao respecto.
- e) Cumprir e facer cumprir aos colexiados a lexislación aplicable e os estatutos e Regulamento de réxime interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais, en materia da súa competencia.
- f) Asesorar e realizar as actividades que lle sexan propia en interese das administracións públicas, sexan nacionais, comunitarias ou internacionais, das entidades e dos particulares, emitindo informes, elaborando estatísticas, resolvendo consultas e actuando en arbitrxes técnicas e económicas por instancia das partes, sempre que non estean no ámbito do exercicio profesional dos seus colexiados.
- g) Informar, cando para iso sexa requirido, sobre a modificación da lexislación de desenvolvemento rural, forestal e ambiental e de calquera outro ámbito en canto se relacione coa profesión de enxeñeiro de montes.
- h) Cooperar coa Administración de xustiza e cos demais organismos oficiais na designación de titulados que deban realizar informes, ditames, peritacións, taxacións ou outras actividades oficiais, para o cal facilitará a tales organismos as listaxes correspondentes, sen que poida existir restrición xeográfica por razón de residencia ou outra causa.
- i) Para os exclusivos efectos de taxación de custas nos procedementos xudiciais, o Colexio poderá elaborar criterios orientativos para o cálculo de honorarios e informar sobre os procedementos xudiciais en que se discutan honorarios profesionais. O COEM non poderá fixar baremos orientativos nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra sobre honorarios profesionais.
- j) Participar, cando sexa requirido para iso, na elaboración dos planes de estudo de acceso á profesión, manter permanente contacto cos centros docentes e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos egresados.

k) Impulsar, de acordo coas autoridades académicas universitarias, así como coas fundacións e entidades cuxos fins o indiquen, o desenvolvemento dos labores científicos e profesionais relacionados coa especialidade, contribuíndo a obter o máximo nivel intelectual dos seus colexiados.

l) Organizar e impartir cursos que garantan a formación continua na vida profesional dos titulados nos ámbitos nacional e internacional.

m) Adoptar as medidas conducentes a evitar a intrusión profesional.

n) Visar os traballos profesionais, nos termos e supostos previstos na normativa vixente, conforme o artigo 7 destes estatutos.

ñ) Organizar os servizos para o cobramento dos honorarios nos traballos profesionais, no suposto de que o colexiado libre e expresamente, no exercicio dos seus dereitos, así o solicite, segundo o previsto no artigo 5.p) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

o) Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, cultural, asistencial e de previsión social.

p) Atender as solicitudes de información sobre os colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas polas autoridades competentes, así como as peticións de inspección ou investigación que formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro.

q) Promover, no ámbito das súas competencias, o emprendemento e a internacionalización no exercicio profesional dos seus colexiados.

r) Prestar os servizos de atención a colexiados, a consumidores e usuarios e de portelo único, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

s) Elaborar e publicar a memoria anual, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

t) Levar os rexistros de colexiados e de sociedades profesionais nos termos establecidos na lexislación vixente e nestes estatutos.

u) Aplicar os principios de transparencia e bo goberno na súa xestión e nas súas actividades suxeitas a dereito administrativo, conforme a lexislación vixente.

v) Promover as ciencias e as técnicas forestais como ferramentas fundamentais para a protección do ambiente.

w) Resolver por laudo, por instancia das partes interesadas, as discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigacións dimanantes dos traballos realizados polos colexiados no exercicio da profesión.

x) Impulsar e desenvolver a mediación, e intervir en vía de conciliación ou arbitraje nacional ou internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente, especialmente nas cuestións que por motivos profesionais se susciten entre os colexiados.

y) Calquera outra función que aprobe a Xunta Xeral sempre que tenda á mellora da profesión e ao perfeccionamento da técnica forestal, e que redunde tanto en beneficio dos intereses dos colexiados coma dos cidadáns sempre que non se opoña ás disposicións legais vixentes.

Artigo 7. *Visado dos traballos.*

1. O COEM visará os proxectos e demais traballos profesionais no ámbito da súa competencia e en cumprimento da lexislación vixente, nos termos que esta estableceza.

2. Sen prexuízo do que adicionalmente establezan a lexislación correspondente ou as normas de visado aprobadas pola Xunta Xeral, o visado deberá comprobar a identidade e habilitación profesional do autor, así como a corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional de acordo coa normativa aplicable ao traballo de que se trate. Así mesmo, o visado expresará claramente cal é o seu obxecto, detallará qué aspectos son sometidos a control e informará sobre a responsabilidade que asume o Colexio. En ningún caso comprende os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes, nin tampouco o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional. No caso de danos derivados dun traballo profesional que visase o Colexio en que resulte responsable o seu autor, o Colexio responderá subsidiariamente dos danos que teñan a súa orixe en defectos que

deberían ter sido postos de manifesto polo Colexio ao visar o traballo profesional, e que garden relación directa cos elementos que se visaron nese traballo concreto, todo isto conforme o establecido no artigo 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e no Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

3. Os dereitos devindicados pola práctica do visado deberán ser razoables e non poderán ser abusivos nin discriminatorios.

Artigo 8. *Portelo único.*

1. O COEM disporá dun punto de acceso electrónico único, gratuíto e a distancia, que se designa nestes estatutos como portelo único. Este punto permitirá os procedementos e a obtención da información previstos no artigo 10.1 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

2. De igual maneira, permitirá convocar os colexiados ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, poñer no seu coñecemento a actividade do Colexio e notificar os expedientes disciplinarios, así como calquera outra notificación aos colexiados cando non sexa posible por outros medios.

3. Ademais, e para a mellor defensa dos consumidores e usuarios, o Colexio ofrecerá a través do mencionado portelo único, de maneira clara, inequívoca e gratuíta, a seguinte información:

a) O acceso ao Rexistro de Colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, ao menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais que posúan, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

b) O acceso ao Rexistro de Sociedades Profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

c) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpor en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o colexio profesional.

d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios a que os destinatarios dos servizos profesionais poden dirixirse para obter asistencia.

e) O contido do código deontolóxico.

CAPÍTULO III

Organización do colexio

Sección I. Dos órganos de goberno en xeral

Artigo 9. *Órganos de goberno do Colexio.*

O Colexio estará rexido polos seguintes órganos de goberno:

a) Órganos xerais.

1. A Xunta Xeral.
2. A Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais.
3. A Xunta de Goberno.
4. O Decanato do Colexio.
5. O Comité de Deontoloxía.

b) Órganos autonómicos ou territoriais.

1. As asembleas autonómicas ou territoriais.
2. As xuntas reitoras autonómicas ou territoriais.
3. Os decanatos autonómicos ou territoriais.

*Sección II. Da Xunta Xeral**Artigo 10. Carácter e composición.*

1. A Xunta Xeral é o órgano supremo de expresión da vontade do Colexio. Está constituída por todos os colexiados de número non suspendidos no exercicio dos seus dereitos. Os acordos da Xunta Xeral obrigan a todos os colexiados, incluso os que recorresen contra aqueles sen prexuízo do que se resolva.

Igualmente, formarán parte da Xunta Xeral o resto de colexiados nos termos que establezan estes estatutos e o Regulamento de réxime interior.

2. Corresponde á Xunta Xeral:

- a) Aprobar a acta da sesión anterior.
- b) Aprobar a memoria anual do Colexio que a Xunta de Goberno lle someterá, onde se resuma a súa actuación e a dos demais organismos e comisións do Colexio. A memoria anual formularase nos termos previstos no artigo 11 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e publicarase a través da web no primeiro semestre de cada ano.
- c) Examinar e aprobar, se procede, o informe de xestión, balance e contas, e o orzamento xeral, e resolver sobre a aplicación de resultado, así como sobre alleamentos ou adquisicións patrimoniais.
- d) Aprobar as cotas ordinarias e o establecemento das extraordinarias, así como as bonificacións a estas, se as houber.
- e) Aprobar a implantación de servizos, así como a toma de acordos en relación cos asuntos e propostas da Xunta de Goberno e dos colexiados.
- f) As deliberacións e decisión de cantos asuntos lle someta a Xunta de Goberno ou un grupo de colexiados non inferior ao 10 %.
- g) Aprobar o Regulamento de réxime interior, o código deontolóxico e calquera outra norma de desenvolvemento para o bo funcionamento do COEM, así como as súas modificacións.
- h) Ratificar as reformas dos presentes estatutos, que serán sometidas á aprobación do Goberno a través do ministerio competente.
- i) Dar posesión á Xunta de Goberno procedente das eleccións.
- j) Aprobar a constitución das asembleas autonómicas ou territoriais e órganos de goberno autonómicos ou territoriais.
- k) Aprobar, se procede, a moción de censura contra a persoa que desempeñe o Decanato ou o resto dos membros da Xunta de Goberno.
- l) Aprobar a disolución do Colexio e, en tal caso, o destino que se lles deberá dar aos seus bens.
- m) Aprobar a concesión de distincións que outorga o Colexio.
- n) Todas as demais atribucións que se lle outorguen nos presentes estatutos.

3. A persoa que desempeñe o Decanato ocupará a presidencia da Xunta Xeral. Así mesmo, a persoa que ocupe a Secretaría Xeral do Colexio actuará como secretario.

Artigo 11. Convocatoria e orde do día.

1. A Xunta Xeral reunirse, con carácter ordinario, dúas veces ao ano: unha no último trimestre, para examinar e aprobar o orzamento e renovar os cargos, e outra no primeiro semestre, para a aprobación de contas e información xeral sobre a marcha do Colexio.

2. A Xunta Xeral reunirse, con carácter extraordinario, en calquera destes casos:

- a) Cando o solicite a Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais por unha maioría dos dous terzos dos seus membros.
- b) Cando así o acorde a Xunta de Goberno por unha maioría dos dous terzos dos seus membros.

c) Cando o solicite, coa súa sinatura e indicando necesariamente o asunto que se pretende debater, un número de Colexiados non inferior ao 10%. Esta reunión deberase realizar no prazo máximo dun mes contado a partir da data de rexistro da solicitude na sede central do Colexio.

d) En todos os demais casos previstos nestes estatutos.

3. Cando a gravidade ou importancia do tema que deba ser obxecto de discusión así o recomende, a Xunta de Goberno, co informe favorable da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, poderá substituír a convocatoria e celebración dunha xunta xeral pola realización dunha consulta por escrito a todos os Colexiados. O resultado obtido a través desta consulta terá os mesmos efectos que o acordo adoptado en xunta xeral, sempre e cando se obteña a maioría exixida en cada caso.

4. Todas as reunións da Xunta Xeral deberán ser anunciadas previamente pola Xunta de Goberno con quince días de anticipación, como mínimo. A partir do dito anuncio porase á disposición dos Colexiados, na páxina web do Colexio, a documentación que sexa obxecto de discusión, debate ou exame e que sexa necesaria para a toma de acordos.

Artigo 12. *Quórum de asistencia e votacións.*

1. A Xunta Xeral ordinaria ou extraordinaria quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, coa concorrencia, entre presentes e representados, da maioría absoluta dos Colexiados e, en segunda, con calquera que sexa o número de asistentes e representados, e deberá adoptar os seus acordos, en ambos os casos, por maioría simple dos votantes, salvo que se dispoña outra cousa nos presentes estatutos.

2. Os Colexiados que non poidan asistir á Xunta Xeral poderán emitir o seu voto sobre os puntos da orde do día, sempre que así o indique a convocatoria, na forma que determine o Regulamento de réxime interior. Tamén poderán delegar a súa representación por escrito con carácter especial para cada Xunta, de forma xeral ou para determinados puntos da orde do día, que se deberán precisar.

3. As votacións poderán ser:

- a) A man alzada.
- b) Por votación nominal mediante papeletas.

4. Na votación a man alzada contaránse primeiro os votos favorables á proposta, despois os desfavorables e, finalmente, as abstencións. De haber dúbidas sobre o resultado, repetirase a votación.

5. O voto dos Colexiados non de número terá un valor ponderado do 50% e deberán absterse naquelas decisións que afecten o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes, por quedaren estas reservadas aos Colexiados de número.

6. Procederase á votación nominal secreta por papeletas cando o solicite, ao menos, unha quinta parte dos asistentes. Neste caso, o depósito da papeleta farase logo de identificación do votante ante o secretario xeral.

7. No caso de desobediencia reiterada ás indicacións da presidencia ou de manifesta alteración do desenvolvemento da asemblea, esta poderá acordar a expulsión da sala de quen se encontre incurso neste comportamento.

Artigo 13. *Actas das reunións.*

1. De cada sesión da Xunta Xeral redactará acta a persoa que ocupe a secretaría. A acta selarase e asinarase tamén o decano-presidente.

2. Non se poderá realizar xunta xeral ordinaria ou extraordinaria sen a aprobación da acta da correspondente anterior.

3. As actas aprobadas estarán á disposición de todos os Colexiados.

*Sección III. Da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais*Artigo 14. *Composición.*

1. A Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais estará integrada:
 - a) Pola persoa que ocupe o decanato do Colexio, que presidirá esta xunta.
 - b) Polas persoas que ocupen os decanatos autonómicos ou territoriais.
 - c) Polos membros da Comisión Executiva da Xunta de Goberno.
 - d) Por un máximo de dez membros electivos de recoñecido prestixio en representación dos diversos sectores profesionais (docencia, investigación, función pública, exercicio libre, asociacións forestais, etc.), que recibirán a denominación de conselleiros, e serán elixidos pola propia Xunta como regulamentariamente se estableza.
 - e) Pola persoa que ocupe a Secretaría Xeral do Colexio, que será o secretario desta Xunta.
2. Teñen o dereito e o deber de asistir á Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, con voz pero sen voto, os membros da Xunta de Goberno non comprendidos en ningún dos supostos enumerados no parágrafo anterior.

Artigo 15. *Competencias.*

Atribúenselle á Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais as seguintes competencias:

1. Aceptar ou rexeitar a dimisión dunha xunta reitora autonómica ou territorial.
2. Aprobar, se procede, a proposta de constitución, unificación ou disolución de órganos de goberno autonómicos ou territoriais, para a súa remisión á Xunta de Goberno.
3. Aprobar, por proposta da Xunta de Goberno, a porcentaxe do orzamento que corresponde ás asembleas autonómicas ou territoriais.
4. Emitir preceptivamente informe sobre as seguintes cuestións, antes da súa remisión á Xunta Xeral:
 - a) Os estatutos, o Regulamento de réxime interior, o código deontolóxico e as súas reformas e demais normas que resulten da aplicación dos presentes estatutos, por proposta da Xunta de Goberno.
 - b) O informe de xestión, balance e contas, o orzamento xeral, así como sobre alleamentos ou adquisicións patrimoniais.
 - c) As variacións das cotas ordinarias e o establecemento de cotas extraordinarias, se for preciso.
5. Propor á Xunta de Goberno, para o seu informe e aprobación pola Xunta Xeral:
 - a) Bases xerais de convenios coas administracións autonómicas.
 - b) Concesión das distincións do Colexio.
 - c) Acordos temporais para a prestación de servizos entre os órganos autonómicos ou territoriais por proposta, de ser o caso, das xuntas reitoras autonómicas ou territoriais correspondentes.
6. Dispor que cese nas súas funcións unha xunta reitora autonómica ou territorial cando incumpra reiteradamente as súas obrigacións ou vulnere os estatutos ou normas polas que se rexa conforme o Regulamento de réxime interior.
7. Emitir voto de censura á Xunta de Goberno, na forma prevista nestes estatutos.
8. Informar sobre os recursos contra os acordos e actos dos órganos autonómicos ou territoriais, e os conflitos que poidan suscitarse entre aqueles.
9. Presentar á Xunta de Goberno propostas, recomendacións e emendas.
10. Formar comisións por campos de actividade ou asuntos específicos, para elaborar propostas á Xunta de Goberno ou á propia Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais.

11. Promover a convocatoria da Xunta Xeral ou da Xunta de Goberno, sempre que o soliciten, ao menos, os dous terzos dos seus membros.
12. Achegar a información necesaria e coa antelación suficiente para confeccionar a memoria anual de actividades.
13. Todas as demais competencias que lles atribúan estes estatutos.

Artigo 16. *Duración dos cargos.*

1. O mandato dos membros da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais esténdese ao período de tempo durante o cal se desempeñe o cargo de decano dalgún dos territorios ou comunidades autónomas ou o de membro da Comisión Executiva. Os conselleiros cesarán no seu cargo nos supostos que estableza o Regulamento de réxime interior e, en calquera caso, aos catro anos do seu nomeamento, pero poderán ser reelixidos.
2. Todos os seus membros teñen análogas responsabilidades e prerrogativas, independentemente da súa procedencia.

Artigo 17. *Desenvolvemento das reunións.*

1. As sesións ordinarias da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais terán periodicidade semestral. As extraordinarias convocaranse por iniciativa da terceira parte dos seus membros, ou do número de xuntas reitoras autonómicas ou territoriais que fixe o Regulamento de réxime interior, ou do decano-presidente, ou da Xunta de Goberno.
2. A convocatoria anunciarase con quince días de anticipación como mínimo, e porase á disposición dos seus membros toda a documentación que sexa necesaria para a toma de acordos.
3. Para que a Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais se constituía validamente é necesaria a asistencia, ao menos, da metade dos seus membros.
4. A persoa que ocupe a Secretaría Xeral do Colexio redactará acta de cada sesión da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, que deberá ser selada e asinada tamén polo seu presidente.

Sección IV. Da Xunta de Goberno

Artigo 18. *Composición e reunións.*

1. A Xunta de Goberno asume a plena dirección e administración do Colexio, sen prexuízo das facultades da Xunta Xeral, da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais e dos órganos autonómicos ou territoriais.
2. Estará constituída polo decano-presidente, doce vogais e o secretario xeral. Os cargos de decano-presidente, vicedecano e vogais non serán retribuídos.
3. A Xunta de Goberno do Colexio poderá estar constituída polas mesmas persoas que integren a xunta directiva da Asociación de Enxeñeiros de Montes cando así o acorde a Xunta Xeral do Colexio, sempre que tales persoas reúnan os requisitos para poder concorrer ás eleccións establecidos nestes estatutos.
4. As persoas que ocupen os decanatos autonómicos ou territoriais teñen o dereito a asistir, con voz pero sen voto, a aquela parte da sesión en que se trate un asunto especialmente relacionado co ámbito territorial en que exercen as súas funcións.
5. A Xunta de Goberno reunirase cantas veces considere necesario o decano-presidente e, obrigatoriamente, unha vez ao trimestre como mínimo, e tamén cando o solicite a terceira parte dos seus compoñentes. Non son admisibles delegacións nin representacións de ningún dos membros. Redactará acta das reunións o secretario xeral, que deberá asinalas e selalas, co visto e prace do decano-presidente.
6. Considerarase validamente constituída cando asistan a metade máis un dos seus compoñentes.

7. Adoptará os seus acordos por maioría de votos; no caso de empate decidirá o voto do decano-presidente. Non se poderán adoptar acordos respecto a asuntos que non figuren na orde do día.

Artigo 19. *Asignación de cargos e substitución.*

1. Corresponderá ao decano-presidente a designación, entre os vogais, da persoa que desempeñará o cargo de vicedecano. En todos os casos de ausencia ou enfermidade do decano-presidente, será substituído polo vicedecano e, na súa falta, polo vogal de máis idade.

2. Corresponderá ao vicedecano e, na súa falta, ao vogal de máis idade ocupar, en caso de dimisión, cesamento ou falecemento do decano-presidente, o posto deste ata a celebración de novas eleccións, que deberán ser convocadas de maneira inmediata pola Xunta de Goberno.

3. En caso de ausencia ou enfermidade do secretario xeral, será substituído polo vogal que a Xunta designe ou, na súa falta, polo de menor idade. En caso de dimisión, cesamento ou falecemento do secretario xeral, o seu cargo poderá ser ocupado interinamente por un vogal da xunta ou outro colexiado designado por ela ata o nomeamento dun novo secretario xeral.

4. A Xunta de Goberno designará entre os vogais que a formen o que teña que desempeñar o cargo de interventor.

5. Así mesmo, a Xunta de Goberno designará un vogal desta que actúe en representación dos colexiados non de número cando non obtivesen representación directa no proceso electoral.

Artigo 20. *Competencias da Xunta de Goberno.*

Son competencias da Xunta de Goberno as seguintes:

1. Constituírse legalmente, tomando posesión dos seus cargos, e elixir, entre os vogais que a integran, o que deba desempeñar o cargo de interventor e os vogais que formarán parte da comisión executiva, coa excepción do vicedecano.

2. Elaborar os estatutos, o Regulamento de réxime interior e o código deontolóxico, así como as súas modificacións, e presentalos á Xunta Xeral para a súa ratificación, logo de informe da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais. Os estatutos serán sometidos á aprobación do Goberno, a través do ministerio competente.

3. Representar xudicial e extraxudicialmente o COEM, con facultade de delegar e apoderar.

4. Cumprir e facer cumprir os estatutos, o Regulamento de réxime interior e os acordos dos órganos colexiais, e controlar o funcionamento dos servizos xerais do COEM.

5. Designar as comisións de traballo e as comisións encargadas de preparar ditames, informes, estudos e ditar laudos solicitados ao COEM.

6. Requirir información de calquera órgano colexial e a resolución de calquera asunto da súa competencia.

7. Aprobar, de ser o caso, as solicitudes de admisión de colexiados.

8. Elaborar o orzamento xeral do COEM e canto concirne á xestión económica do Colexio, o que inclúe a proposta das cotas de inscrición, as ordinarias e as extraordinarias, se as houber, e das súas normas de aplicación e de bonificación.

9. Preparar as xuntas xerais.

10. Promover a convocatoria da Xunta Xeral ou da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais mediante acordo por un mínimo de dous terzos dos seus membros.

11. Redactar as normas de visado de traballos profesionais, para a súa aprobación en Xunta Xeral.

12. Visar os traballos profesionais e o cobramento dos dereitos de visado ao abeiro da normativa vixente e conforme o establecido no artigo 7 destes estatutos. Esta competencia exerceraa, por delegación, o secretario xeral ou a respectiva xunta reitora

autonómica ou territorial sempre que conte cos servizos adecuados para iso, sen prexuízo da posibilidade de se avocar por parte da Xunta ou de delegarse caso por caso.

13. Establecer o cobramento dos honorarios profesionais segundo o previsto no artigo 6.o) destes estatutos. Esta competencia exercerana por delegación as xuntas reitoras autonómicas ou territoriais, sempre e cando estea así previsto nos seus estatutos particulares e teñan organizados os servizos necesarios para percibir tales honorarios ou, na súa falta, o secretario xeral, sen prexuízo da posibilidade de se avocar por parte da Xunta.

14. Resolver os recursos contra os acordos e actos das xuntas reitoras autonómicas ou territoriais e dirimir os conflitos que se poidan suscitar entre aquelas, logo de informe da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais.

15. Manifestar oficial e publicamente a opinión do Colexio en temas de interese xeral que, pola súa repercusión, poidan afectar toda a profesión ou un sector desta.

16. Emitir ditame sobre a proposta de constitución das asembleas autonómicas ou territoriais e demais órganos de goberno, de acordo co establecido nos presentes estatutos, así como nos seus estatutos ou regulamentos particulares.

17. Delegar nunha xunta reitora autonómica ou territorial correspondente asuntos que só a afecten a ela, na forma que se determine regulamentariamente.

18. Redactar informes, estudos ou ditames nos casos previstos nestes estatutos ou no Regulamento de réxime interior que o desenvolva, ou cando o Colexio sexa requirido para que exprese a súa opinión como tal corporación ou por propia iniciativa.

19. Nomear representantes do Colexio.

20. Someter á aprobación da Xunta Xeral a disolución da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, por votación en tal sentido dos dous terzos dos membros presentes da propia Xunta Xeral, reunida en sesión extraordinaria convocada para o efecto, sempre que non estea en trámite unha proposta válida da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais para censurar a Xunta de Goberno, coas seguintes consecuencias:

a) Se a Xunta Xeral aproba a súa disolución, os membros da Xunta de Decanos Territoriais Autonómicos que non sexan membros da Xunta de Goberno cesarán nos seus cargos, e celebraranse eleccións de xuntas reitoras autonómicas ou territoriais para un novo mandato.

b) Se a proposta non é ratificada, a Xunta de Goberno cesará e convocaranse eleccións para un novo mandato.

21. Someter calquera asunto de ámbito xeral a información e/ou consulta de todos os colexiados ou do sector profesional afectado.

22. Organizar actividades e servizos de carácter asistencial e de previsión, profesionais, formativos e culturais para todos os colexiados.

23. Propor á Xunta Xeral, para a súa concesión, a medalla de honra do colexio ou o título de colexiado de honra, de conformidade co establecido no artigo 52.

24. Aprobar as normas de concursos e premios corporativos, por proposta propia ou, de ser o caso, da xunta reitora autonómica ou territorial correspondente.

25. Aprobar as normas de funcionamento do Rexistro de Sociedades Profesionais e encargarse da súa xestión. Decidir sobre o pagamento e a contía dos dereitos de incorporación ao Rexistro de Sociedades Profesionais da escritura de constitución e dos demais actos inscribíbles.

26. Atender as queixas, reclamacións e suxestións realizadas polos consumidores e usuarios dos servizos profesionais.

27. Intervir en vía de conciliación e arbitraje nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre colexiados.

28. Exercer outras competencias non reservadas expresamente a outros órganos e calquera outra que se lle asigne nos presentes estatutos.

Artigo 21. *Censura, moción de confianza e cesamento da Xunta de Goberno.*

1. O decano-presidente poderá solicitar, en calquera momento, a confianza da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais ou da Xunta Xeral, que poderán censurar en todo momento a súa xestión conforme o establecido nos seguintes puntos.

2. A censura por parte da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais poderase acordar por votación neste sentido da maioría absoluta dos seus membros, en sesión extraordinaria solicitada para o efecto, coa asistencia, ao menos, dos dous terzos dos seus membros, e sempre que non estea en trámite unha proposta válida da Xunta de Goberno para censurar a Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais. O voto de censura obrigará a realizar unha xunta xeral que decidirá sobre a continuidade da Xunta de Goberno, coas seguintes consecuencias:

a) Se a Xunta Xeral aproba por maioría de presentes e representados o voto de censura, a Xunta de Goberno cesará e convocaranse eleccións no modo previsto nos estatutos e no Regulamento de réxime interior. A Xunta elixida nestas eleccións exercerá a súa función por un novo mandato.

b) Se a Xunta Xeral non aproba o voto de censura, cesarán nos seus cargos os membros da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais que apoiasen o voto de censura e convocaranse eleccións para renovar os cargos correspondentes.

3. Contra calquera dos membros da Xunta de Goberno poderá dirixirse voto de censura, por proposta de, ao menos, o 10% dos colexiados ou das dúas terceiras partes da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais ou da Xunta de Goberno, sempre que haxa causa bastantada para tan grave medida. En todos os casos, será necesario, para que produza os efectos que se pretendan, a aprobación das dúas terceiras partes dos asistentes á Xunta Xeral Extraordinaria que para o efecto se convoque.

4. A dimisión da Xunta de Goberno debe ser presentada por esta á Xunta Xeral, logo de comunicación á Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, que pode aceptala ou rexeitala; no primeiro caso, deberán cesar e, no segundo, continuar. No caso de cesamento en pleno da Xunta de Goberno constituirase, por e entre os conselleiros da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, unha comisión xestora de tres membros, que se fará cargo provisionalmente das funcións daquela e convocará, no prazo dun mes, eleccións para un novo mandato que deberán celebrarse no mes seguinte. Se algún membro da Comisión Xestora decide presentarse como candidato, deberá cesar no seu cargo.

5. Os membros da Xunta cesan nos seus cargos polas seguintes causas:

a) Condena por sentenza firme que comporte a inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.

b) Sanción disciplinaria firme pola comisión de infracción moi grave.

c) Perda da confianza do presidente razoada ante a Xunta Xeral e tras a aprobación desta.

d) Faltas de asistencia durante tres reunións consecutivas da Xunta, sen causa xustificada.

e) Aprobación da moción de censura nos termos previstos nos presentes estatutos.

f) Perda das condicións de elixibilidade.

g) Renuncia expresa do interesado ante a Xunta Xeral.

h) Nomeamento para un cargo político de carácter executivo do Goberno ou da Administración xeral do Estado, autonómica, local ou institucional, ou para calquera outro que estea afecto pola lexislación estatal ou autonómica vixente en materia de incompatibilidades.

6. A Xunta de Goberno, no caso de cesamento, falecemento, enfermidade ou dimisión dalgún dos seus membros, ou cando concorra algunha outra causa que produza unha vacante, salvo o disposto en relación co decano-presidente, poderá propor un substituto á próxima Xunta Xeral ordinaria. Na mencionada Xunta ratifícase o seu nomeamento ou, de ser o caso, nomeábase o colexiado que deba ocupar a vacante. Os

colexiados designados para cubrir as vacantes desempeñarán o cargo durante o período de tempo pendente ata a renovación da Xunta de Goberno, e computaráselles, para os efectos de reelección, como se exercesen un período de catro anos.

Sección V. Das atribucións dos cargos da Xunta de Goberno

Artigo 22. Decano-presidente.

1. Correspóndelle ao decano-presidente:

a) Exercer a presidencia e representación oficial do Colexio nas súas relacións con organismos, autoridades, corporacións e particulares, sen prexuízo de que en casos concretos o Colexio poida encomendar tal función a determinados colexiados ou a comisións constituídas para o efecto.

b) Presidir a Xunta de Goberno, a Xunta Xeral, a Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais e calquera reunión colexial a que asista, dirixindo o debate e podendo exercer o voto de calidade. Así mesmo, correspóndenlle a execución e o cumprimento dos acordos do Colexio e a ordenación dos seus pagamentos.

c) Decidir –no ámbito funcional do Colexio– en asuntos de intrusión e competencia profesional. Tamén está facultado para presentar alegacións, recursos e reclamacións administrativas, do cal dará conta debidamente á Xunta de Goberno.

d) Convocar os órganos que preside e sancionar os seus acordos; realizar a convocatoria, con coñecemento da Xunta de Goberno, de consultas xerais aos colexiados; autorizar os escritos, informes e comunicacións que circulen con ámbito xeral; visar as certificacións que expida o secretario xeral; exercer a superior dirección e inspección de todos os servizos; e promover a acción colexial en todos os campos.

e) Dirixir a acción da Xunta de Goberno e coordinar as actuacións dos seus membros, sen prexuízo da competencia e responsabilidade destes na súa xestión.

f) Exercer cantas outras funcións representativas sexan propias do seu cargo.

2. Poderá resolver calquera asunto urxente e inaprazable, que non sexa competencia da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, coa obrigación de dar conta á Xunta de Goberno, para a súa aprobación, dos acordos que adopte. No caso de que o acordo non sexa ratificado, perderá a súa eficacia a partir dese momento.

3. Poderá solicitar os asesoramentos que considere necesarios e poderá delegar, para casos concretos, as facultades que lle están concedidas noutro membro da Xunta de Goberno ou da de Decanos Autonómicos ou Territoriais.

Artigo 23. Secretario xeral.

1. O posto de secretario xeral será retribuído e de carácter permanente. O colexiado que o desempeñe deberá fixar a súa residencia en Madrid.

2. Este posto será provisto por designación da Xunta de Goberno entre os membros do Colexio e, en todo caso, o seu nomeamento deberá ser referendado pola Xunta Xeral. Para o seu cesamento será necesario acordo da Xunta de Goberno con posterior ratificación da Xunta Xeral.

3. Asistirá ás reunións da Xunta Xeral, Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, Xunta de Goberno e Comisión Executiva como secretario xeral destas, tendo voz pero non voto, coa excepción da Xunta Xeral, onde poderá exercer os seus dereitos como colexiado.

4. Serán funcións do secretario xeral:

a) Exercer a xefatura dos servizos administrativos do COEM e de persoal coas funcións de nomear, cesar, premiar e sancionar, dentro das previsións orzamentarias e normativas, o persoal dos servizos xerais.

b) Por delegación da Xunta de Goberno, visar os traballos profesionais e recadar os dereitos de visado, sen prexuízo das delegacións que se poidan efectuar na Xunta Reitora Autonómica ou Territorial nos termos previstos no artigo 20.12. Recadar as cotas que deben pagar os colexiados e os demais recursos con que conte o Colexio.

- c) Facultades de inspección para requirir a información e documentación necesaria para efectos fiscais, contables e estatísticos.
- d) Realizar as funcións de tesoureiro, levando a cabo a xestión económica do Colexio, para cuxo fin se lle encomendan as seguintes funcións:
- 1.º Coordinar a elaboración do orzamento anual do COEM e as súas contas anuais.
 - 2.º Coordinar o control orzamentario permanente.
 - 3.º Ordenar a apertura e a cancelación de contas bancarias.
 - 4.º Elaborar a información á Xunta de Goberno, cando así se lle requira, da marcha económica do COEM.
 - 5.º Administrar os bens do COEM.
- e) Redactar e asinar as actas de todas as reunións a que asista e levar os libros correspondentes.
- f) Controlar os rexistros e sistemas de xestión do COEM, supervisándoos e planificando a súa adecuación á normativa vixente.
- g) Dirixir e asinar as comunicacións e circulares que deba remitir por orde do decano-presidente, da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, da Xunta de Goberno ou da Xunta Xeral.
- h) Formalizar as convocatorias da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, Xunta de Goberno e Xunta Xeral, e enviar aos seus membros a información que proceda.
- i) Custodiar o Arquivo Xeral do Colexio.
- j) Coordinar a acción do Colexio na realización de actos institucionais, comunicación e formación.
- k) No ámbito funcional do Colexio, entender en primeira instancia das cuestións de competencias profesionais, intrusión, etc., e informar a Xunta de Goberno para posibles actuacións.
- l) Xestionar, coordinar e promover os servizos colexiais.
- m) Todas as demais funcións inherentes ao cargo que sexan da súa competencia e as que lle encomende o decano-presidente ou a Xunta de Goberno.

Artigo 24. *Comisión executiva.*

Dentro da Xunta de Goberno nomearase unha comisión executiva constituída polo decano-presidente, o vicedecano, o secretario xeral, o interventor e tres vogais designados pola Xunta de Goberno, que terá como funcións todas aquelas que non requiran acordo expreso da Xunta de Goberno e aquelas nas cales o decano-presidente ou a propia comisión executiva por maioría consideren que poden actuar por tratarse de accións de mero trámite, despacho ordinario ou similares ás que vén realizando o Colexio, e deberá dar conta do actuado na seguinte Xunta de Goberno. Así mesmo, corresponderalle calquera outra función delegada pola Xunta de Goberno.

Sección VI. Dos órganos territoriais

Artigo 25. *Organización territorial.*

1. En cada comunidade autónoma ou, de ser o caso, territorio que abrangan dúas ou máis comunidades autónomas, sexan ou non estremeiras, poderán existir órganos de goberno autonómicos ou territoriais, que serán unha asemblea, unha xunta reitora e un decano.

Estes órganos teñen, no seu ámbito territorial, unhas competencias propias e outras delegadas polos órganos xerais, que se deben exercer de maneira coordinada cos demais órganos de goberno do Colexio.

2. Os colexiados quedan adscritos a unha comunidade autónoma por razón do seu domicilio profesional principal. Poden exercer a súa profesión en todo o territorio nacional e, en calquera caso, pódense adscribir libremente a calquera outra comunidade autónoma

mediante comunicación escrita ao Colexio. Para os efectos de adscrición, non será obrigatorio comunicar os cambios de domicilio. Os colexiados residentes no estranxeiro estarán adscritos á comunidade autónoma ou territorio que eles indiquen.

3. Os órganos de goberno autonómicos ou territoriais constituídos ou elixidos consonte os anteriores estatutos continuarán funcionando de acordo co disposto nos presentes e adaptarán a estes, se procede, os seus regulamentos particulares.

4. A proposta de constitución de novos órganos de goberno autonómicos ou territoriais debe ser aprobada pola maioría absoluta dos colexiados do ámbito autonómico ou territorial. Esta proposta deberá ser remitida para a súa aprobación ou denegación, de maneira sucesiva, á Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, á Xunta de Goberno e á Xunta Xeral.

5. A proposta de unificación dos colectivos correspondentes a dúas ou máis comunidades autónomas, que constituían un territorio, debe ser aprobada pola maioría absoluta dos colexiados adscritos ás ditas comunidades e seguir o mesmo procedemento de aprobación que o descrito no punto anterior para a constitución de novos órganos de goberno.

Como excepción, cando un colectivo dunha comunidade autónoma non dispoña de órganos de goberno por falta de candidaturas no proceso electoral convocado, incorporárase ao ámbito doutra comunidade autónoma que decida a Xunta de Decanos, e desta maneira formárase un territorio supraautonómico.

Esta situación manterase ata que exista algunha proposta de candidatura, o que se notificará ao decano co fin de que este convoque eleccións na comunidade autónoma de que se trate. Unha vez realizadas e tras a toma de posesión da Xunta Directiva autonómica, cesará a integración do colectivo desa comunidade autónoma no territorio supraautonómico.

6. Os órganos de goberno autonómicos ou territoriais poderán ter os seus propios regulamentos particulares de funcionamento, que en ningún caso poderán contravir as disposicións previstas nos presentes estatutos e no Regulamento de réxime interior que o desenvolva. Os regulamentos particulares deben ser aprobados pola asemblea autonómica ou territorial e deberán ser remitidos pola respectiva xunta reitora autonómica ou territorial á Xunta de Goberno, co fin de que esta emita un ditame relativo á observancia de todas e cada unha das disposicións destes estatutos e do Regulamento de réxime interior. Os regulamentos particulares só entrarán en vigor unha vez que este ditame verifique a observancia das ditas disposicións.

7. As asembleas autonómicas ou territoriais, se o permiten os recursos económicos do Colexio, poderán contar cunha sede e persoal para o desenvolvemento dos seus competencias e servizos, seguindo criterios de eficacia e rendibilidade.

8. Todas as disposicións previstas nos presentes estatutos respecto aos órganos de goberno dunha comunidade autónoma serán de aplicación aos órganos de goberno territoriais.

Artigo 26. *Asembleas autonómicas ou territoriais.*

1. A Asemblea Autonómica ou Territorial é o órgano supremo de expresión da vontade dos colexiados residentes no seu ámbito e está constituída por todos eles.

2. Terá as seguintes competencias:

- a) O establecemento e a aprobación das contas e dos orzamentos correspondentes.
- b) O aumento ou a redución do número de vogais da xunta reitora autonómica ou territorial.
- c) A aprobación dos regulamentos particulares.
- d) A adopción de acordos sobre mocións de confianza ou censura á xestión do decano autonómico ou territorial.
- e) Calquera outro asunto que, dentro da súa competencia, lle sexa proposto polo decano autonómico ou territorial.

3. A Asemblea Autonómica ou Territorial será convocada polo decano autonómico ou territorial, en sesión ordinaria, ao menos unha vez ao ano e, en sesión extraordinaria, por proposta da xunta reitora autonómica ou territorial ou do 20 % dos colexiados.

Estará presidida polo decano autonómico ou territorial e teñen o dereito e o deber de asistir a ela os demais membros da Xunta Reitora Territorial ou Autonómica.

Cada asistente á asemblea autonómica ou territorial poderá exercer as representacións de colexiados que se establezan nos estatutos ou regulamentos particulares. De cada sesión celebrada da Asemblea Territorial ou Autonómica redactará acta o secretario, que deberá asinar, co visto e praxe do decano autonómico ou territorial.

4. Para que sexa validamente constituída e os seus acordos sexan vinculantes é necesario que en primeira convocatoria concorra á Asemblea Autonómica ou Territorial a maioría absoluta dos seus membros, entre presentes e representados. En segunda convocatoria constituirase calquera que sexa o número de colexiados que asistan.

5. As votacións poderán ser a man alzada ou por votación nominal mediante papeletas. Na votación a man alzada contaránse primeiro os votos favorables á proposta, despois os desfavorables e, finalmente, as abstencións.

6. O voto dos colexiados non de número que asistan terá un valor ponderado do 25%. Deberanse abster naquelas decisións que afecten o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes, por quedaren estas reservadas aos colexiados de número.

7. Poderá emitir voto de censura contra a actuación do decano autonómico ou territorial ou da xunta reitora autonómica ou territorial, en sesión extraordinaria solicitada para o efecto, que obriga a realizar consulta aos colexiados sobre a continuidade daquela. Se o referendo ratifica o voto de censura, o decano autonómico ou territorial ou a xunta reitora autonómica ou territorial cesarán, e realizarase unha nova elección, de acordo co indicado nos presentes estatutos. Ata a elección da nova xunta reitora autonómica ou territorial, as súas competencias serán asumidas pola Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais.

Artigo 27. *Xunta Reitora Autonómica ou Territorial.*

1. A Xunta Reitora Autonómica ou Territorial é o órgano executivo, de dirección e administración, dentro da súa competencia.

2. Está composta polo decano autonómico ou territorial, o vicedecano e o número de vogais que determinen os estatutos ou regulamentos particulares. Os cargos non serán retribuídos.

3. As sesións ordinarias serán da periodicidade que estableza o regulamento particular; as extraordinarias convocaranse por iniciativa do decano autonómico ou territorial ou do número de vogais que se fixe naquel. Para que queden constituídas é necesaria a presenza da metade dos seus membros. Enviarase copia dos acordos á Xunta de Goberno, no prazo que se determine no Regulamento de réxime interior. De cada sesión celebrada da xunta reitora territorial ou autonómica redactará acta o secretario, que deberá asinar, co visto e praxe do decano autonómico ou territorial.

4. O decano autonómico ou territorial será membro da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais. Esta representación non será transferible.

5. Atribúenselle á xunta reitora autonómica ou territorial as competencias que a continuación se detallan. En todo caso, deberase ter en consideración a obrigación das xuntas reitoras autonómicas ou territoriais de notificar á Xunta de Goberno aquelas actividades que realicen que poidan ter repercusión fóra do seu ámbito territorial, co fin de manter a debida coordinación:

- a) Constituírse legalmente, tomando posesión dos seus cargos.
- b) Exercer a representación colexial no seu ámbito territorial.
- c) Nomear representantes en organismos e entidades de ámbito territorial en que a xunta desempeña as súas funcións.
- d) Manifestar oficial e publicamente a súa opinión en temas relacionados co seu ámbito territorial, logo de coordinación coa Xunta de Goberno.

e) Presentar estudos, informes e ditames ante autoridades e organismos do seu ámbito territorial.

f) Acordar a presentación de solicitudes e escritos de alegacións ante a Administración e propor á Xunta de Goberno a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais, sen prexuízo da competencia do decano autonómico para exercer directamente esta competencia en caso de urxencia.

g) Cumprir e facer cumprir no territorio ou comunidade autónoma en que desempeñan as súas funcións os regulamentos particulares e acordos dos órganos colexiais.

h) Someter asuntos a coñecemento, información e consulta xeral aos colexiados; neste último caso, dentro da súa competencia.

i) Manter actualizadas as listas de colexiados adscritos ao territorio ou comunidade autónoma.

j) Mediar, por instancia das partes interesadas, nas discrepancias que poidan xurdir sobre o cumprimento das obrigacións dimanantes dos encargos e contratos profesionais.

k) Conciliar ou arbitrar en cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os colexiados do seu ámbito.

l) Servir de canle ante os órganos xerais para os colexiados respecto aos asuntos dentro do seu ámbito e competencia.

m) Facilitar aos tribunais, na quenda de oficio, a relación de profesionais do territorio ou comunidade autónoma que poidan ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais, ou desinalos por si mesma, segundo proceda.

n) Organizar actividades de carácter profesional, formativo e cultural, mantendo o debido contacto coa Xunta de Goberno para a súa planificación. Estas serán de carácter voluntario, non serán unha barreira para o acceso á profesión de enxeñeiro de montes e o seu custo recaerá unicamente en quen as reciba.

ñ) Efectuar as recadacións incluídas no seu ámbito de competencias e as delegadas por aprobación da Xunta de Goberno, así como administrar o orzamento propio e controlar o funcionamento dos servizos.

o) Crear comisións abertas no seu ámbito por iniciativa propia ou obrigatoriamente por petición do número de representantes provinciais ou colexiados que se fixe nos regulamentos particulares.

p) Formar comisións e grupos de traballo sobre temas específicos.

q) Redactar o resumo de actividades, para a súa inclusión na memoria anual do COEM.

r) Presentar á Xunta de Goberno as propostas de orzamentos e as liquidacións provisionais e definitivas da súa aplicación.

s) Trasladar a sede social na forma que se determine nos seus estatutos ou regulamento particular.

t) Promover a convocatoria da Asemblea Autonómica ou Territorial, na forma que determine o seu regulamento particular.

6. Son atribucións da xunta reitora autonómica ou territorial, salvo avocación pola Xunta de Goberno, as seguintes:

a) Exercer a representación da Xunta de Goberno ante os colexiados residentes no seu ámbito territorial.

b) Exercer a representación do Colexio ante autoridades e organismos de ámbito territorial, autonómico e local, e ante os periféricos da Administración xeral do Estado, e poñer en coñecemento da Xunta de Goberno as actuacións correspondentes.

c) Intervenir en asuntos de competencia da Xunta de Goberno e que só afecten esa comunidade autónoma ou territorio, por acordo expreso daquela.

7. A xunta reitora autonómica ou territorial, ao visar un traballo profesional situado fóra do seu ámbito territorial, deberá dar conta do feito á xunta reitora autonómica ou territorial afectada e á Xunta de Goberno.

8. No caso de que o cargo de decano autonómico ou territorial quede vacante por calquera motivo, substituirá o vicedecano ou o membro da xunta reitora autonómica ou territorial que establezan os regulamentos particulares, quen convocará un novo proceso electoral no prazo dun mes, segundo o procedemento establecido nestes estatutos e no Regulamento de réxime interior.

9. A dimisión da xunta reitora autonómica ou territorial debe ser presentada por esta á Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, para a súa aceptación ou rexeitamento: no primeiro caso cesará e no segundo continuará. No caso de cesamento en pleno da Xunta Reitora Territorial ou Autonómica, a Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais farase cargo provisionalmente das súas funcións e convocará eleccións no prazo dun mes para un novo mandato.

Artigo 28. *Decanos autonómicos ou territoriais.*

1. O decano autonómico ou territorial preside a xunta reitora autonómica ou territorial, a Asemblea Autonómica ou Territorial e calquera reunión colexial a que asista no ámbito do seu territorio ou comunidade autónoma, dirixirá o debate e poderá exercer o voto de calidade. É o representante de todos os colexiados do territorio ou comunidade autónoma e do decano-presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes, nas condicións indicadas.

2. Correspóndelle sancionar e executar os acordos da xunta reitora autonómica ou territorial, convocar a consulta os colexiados da comunidade autónoma ou territorio, enquisas e as reunións da xunta reitora autonómica ou territorial e Asemblea Autonómica ou Territorial; autorizar os escritos, informes e comunicacións promovidas no seu ámbito; visar as certificacións que expida o secretario; dirixir os servizos e promover a acción colexial no seu ámbito.

3. En caso de urxencia, o decano autonómico ou territorial está facultado –no ámbito da súa competencia– para decidir en asuntos de intrusión e competencia profesional, para presentar solicitudes e alegacións administrativas, e para propor á Xunta de Goberno a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais, do que dará conta posteriormente á Xunta Reitora. Igualmente, pode resolver calquera asunto urxente e inaprazable, coa obrigaçión de dar conta á Xunta Reitora dos acordos que adopte, para a súa ratificación ou revogación. Neste último caso, o acordo perderá a súa eficacia a partir dese momento.

4. O decano autonómico ou territorial dirixe a acción da xunta reitora autonómica ou territorial e coordina as funcións dos seus membros, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

Artigo 29. *Vogais provinciais.*

Nas provincias ou demarcacións territoriais que non sexan sede de órganos colexiais territoriais ou autonómicos poderá haber un vogal elixido por e entre os colexiados residentes na demarcación respectiva, cuxas funcións e sistema de elección se establecerán no correspondente regulamento particular. O cargo de vogal provincial non será retribuído.

Artigo 30. *Secretaría.*

1. Os órganos colexiais autonómicos ou territoriais poderán ter unha secretaría, que desenvolva no seu ámbito as funcións que a continuación se detallan, por delegación da xunta reitora autonómica ou territorial:

- a) Rexistrar, visar os traballos profesionais e recadar os dereitos nos supostos previstos nos presentes estatutos.
- b) Realizar o control orzamentario do órgano autonómico ou territorial.
- c) Redactar e asinar as actas de todas as reunións a que asista e levar os libros correspondentes.

- d) Dirixir e asinar as comunicacións e circulares que haxa que remitir por orde do decano autonómico ou territorial.
- e) Formalizar as convocatorias de xunta reitora autonómica ou territorial.
- f) Intervir na organización de cursos, actos institucionais, etc.
- g) Conservar, xestionar e manter actualizada a información do seu ámbito na páxina web do COEM.
- h) Todas as demais funcións que sexan da súa competencia e as que se lle encomenden.

2. O cargo de secretario dependerá funcionalmente do decano autonómico ou territorial.

Sección VII. Da elección dos cargos

Artigo 31. Requisitos dos cargos colexiais.

1. Para acceder a calquera cargo colexial será preciso o cumprimento, na data de convocatoria do proceso electoral, dos seguintes requisitos, que deberán manterse durante o seu desempeño:

- a) Estar ao día no pagamento das cotas e demais dereitos económicos colexiais.
- b) Non ter sido sancionado por incumprimento dos deberes colexiais ou profesionais nos últimos cinco anos.
- c) Ser colexiado de número para calquera cargo ou ser colexiado adherido para o cargo de vogal representante que establece o artigo 32.1.c).

2. Todos os cargos dos órganos xerais de goberno e dos órganos autonómicos ou territoriais terán unha duración de catro anos e poderán ser reelixidos coas limitacións que, de ser o caso, poida establecer o Regulamento de réxime interior, excepto no caso do decano-presidente, que só se poderá someter a unha reelección.

3. A elección dos cargos dos órganos xerais de goberno e dos órganos autonómicos ou territoriais (excepto o de conselleiro, cuxa elección se regula no artigo 14) terá lugar mediante votación presencial secreta, voto por correo ou voto electrónico, todo conforme o procedemento que estableza o Regulamento de réxime interior. En ningún caso se admitirá a delegación de voto para a elección de cargos.

4. Os colexiados que se presenten á elección dun cargo poderán realizar, pola súa conta, a propaganda electoral que coiden conveniente.

5. A Xunta de Goberno convocará eleccións antes de que se finalice o mandato. O acordo comunicárase por escrito.

Unha vez convocado o proceso electoral, a Xunta de Goberno pasa á situación de «en funcións» e non pode adoptar acordos que comprometan orzamentariamente o futuro equipo que se forme a consecuencia do proceso electoral iniciado.

Artigo 32. Elección de cargos para os órganos xerais de goberno e elección dos membros das xuntas reitoras autonómicas ou territoriais.

1. Órganos xerais de Goberno:

a) Todos os colexiados, persoas físicas de alta na data de convocatoria do proceso electoral, serán electores dos cargos dos órganos xerais, salvo que estean inhabilitados legalmente para iso ou non se encontren ao día no pagamento das cotas e demais dereitos económicos colexiais.

b) A elección de cargos dos órganos xerais levarase a cabo por sufraxio universal, igual, directo e secreto entre os membros do Colexio que manteñan a súa condición de elector no momento da votación, segundo o procedemento establecido no Regulamento de réxime interior e de acordo coas seguintes normas xerais.

c) As candidaturas deberán ser presentadas ao Colexio por escrito segundo o procedemento que establece o Regulamento de réxime interior. Catro dos vogais serán presentados na candidatura do decano-presidente e elixidos na mesma votación ca este. Os oito vogais restantes serán elixidos entre as candidaturas que presenten os colexiados que aspiran a formar parte da Xunta de Goberno, coa particularidade de que as candidaturas se presentarán con dous candidatos cada unha. Unha delas poderá ser a de vogais representantes cando o número de colexiados que recolle o artigo 33.1.c) alcance, polo menos, o 20% sobre o total. Entrementres, aplicarase o establecido no artigo 19.5.

d) Unha vez elixidos os membros, a toma de posesión da nova Xunta de Goberno levarase a cabo no prazo máximo dun mes desde a publicación do resultado definitivo das eleccións e deberase notificar a súa constitución a todos os colexiados e ao ministerio de adscrición.

2. Xuntas reitoras autonómicas ou territoriais:

a) Serán electores dos cargos das xuntas reitoras autonómicas ou territoriais todos os colexiados que, cumprindo os requisitos do punto 1.a), estean adscritos a tal comunidade autónoma ou territorio.

b) A elección de cargos das xuntas reitoras autonómicas ou territoriais levarase a cabo por sufraxio universal, igual, directo e secreto entre todos os colexiados, persoas físicas, que estean adscritos a un territorio ou comunidade autónoma, segundo o procedemento establecido nos estatutos ou no regulamento particular e, na falta deste, no Regulamento de réxime interior.

c) Os regulamentos particulares determinarán o sistema de elección dos vogais provinciais, que poderán ser elixidos en candidatura conxunta cos membros da xunta reitora autonómica ou territorial correspondente á demarcación a que representen.

CAPÍTULO IV

Dos colexiados

Artigo 33. *Clases de colexiados.*

1. O COEM está integrado:

a) Por colexiados de honra: serán as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, de calquera titulación ou profesión, que acrediten méritos ou servizos relevantes prestados á profesión de enxeñeiro de montes. O nomeamento como colexiado de honra poderase conceder tamén a título póstumo, caso en que terá simple carácter honorífico.

b) Por colexiados de número: serán aqueles titulados universitarios que cumpran as condicións expresadas no artigo 35.2, e poderán selo de forma voluntaria ou obrigatoria segundo a lexislación vixente.

c) Por colexiados adheridos: serán de forma voluntaria aqueles titulados universitarios que cumpran o disposto no artigo 35.3.

d) Polas sociedades profesionais a que se refire a Lei 2/2007, do 15 de marzo, cuxo obxecto social sexa o exercicio da profesión da enxeñaría de montes de maneira monodisciplinar ou multidisciplinar, que deberán inscribirse no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio para formar parte del e, desde ese momento, consideraranse incorporadas a este. O Colexio poderá exercer sobre elas as competencias que lle outorga o ordenamento xurídico sobre os profesionais colexiados. Este rexistro producirase de maneira automática cando se reciba no colexio a inscrición no Rexistro Mercantil, de conformidade coa Lei 2/2007, do 15 de marzo.

2. Poderán acceder ao Colexio en calidade de pre-colexiados aqueles que se encontren cursando os estudos conducentes á obtención dalgún dos títulos a que se refire o artigo 35.2 e 35.3. Os pre-colexiados non terán dereitos de sufraxio activo nin pasivo,

pero poderán utilizar os servizos do Colexio conforme se estableza no Regulamento de réxime interior.

Artigo 34. *Colexiación.*

1. A obrigatoriedade da incorporación no COIM para o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes, persoalmente ou a través dunha sociedade profesional debidamente inscrita no Colexio e que cumpra coa lexislación vixente en materia de sociedades profesionais, manterase tras a entrada en vigor da lei estatal a que se refire a disposición transitoria cuarta da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de distintas leis para a súa adaptación á lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, sempre que así se prevexa na mencionada Lei estatal e nos termos por ela establecidos.

2. Poderán igualmente incorporarse ou permanecer no COEM como colexiados segundo o artigo 33.1, con carácter voluntario, os titulados que, cumprindo cos requisitos do artigo 35, non exerzan a profesión de enxeñeiro de montes ou se encontren legalmente dispensados do deber de colexiación pola modalidade en que a exerzan.

3. A Xunta Xeral poderá aprobar a creación de seccións colexiais para incorporar as distintas modalidades de pertenza ao Colexio.

Artigo 35. *Adquisición da condición de colexiado.*

1. As condicións necesarias para ingresar no COEM serán:

- a) Posuír algún dos títulos a que se refiren os números 2 e 3.
- b) Non estar incapacitado ou inhabilitado legalmente para o exercicio profesional.
- c) Satisfacer a cota de inscrición, se procede.

2. Para ingresar no COEM como colexiado de número é preciso estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- a) Título universitario oficial que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes de acordo coa normativa vixente.
- b) Título universitario estranxeiro homologado oficialmente á titulación descrita na letra anterior.
- c) Título universitario europeo recoñecido oficialmente polo Estado para efectos profesionais para o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes.

3. Para ingresar no COEM como colexiado adherido será preciso estar en posesión dalgún dos títulos oficiais universitarios distintos dos anteriores que aprobe a Xunta Xeral, por proposta da Xunta de Goberno, sempre e cando non exista un colexio profesional específico ao cal obrigatoriedade deban adscribirse aqueles. Estes títulos deberán necesariamente abranger ámbitos ou materias relacionados coa enxeñaría de montes. En caso de cumprirse os requisitos formativos aprobados pola Xunta Xeral, todo solicitante deberá ser admitido en tales termos. A colexiación destes titulados non habilita en ningún caso para o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes. Ademais, esta vinculación non outorga dereitos que estean intrinsecamente relacionados coas atribucións ou competencias profesionais.

4. O acceso ao Colexio rexerese polo principio de igualdade de trato e non discriminación, en particular por razón de sexo, nacemento, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. A denegación de colexiación poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

5. Os colexiados de número que exerzan a profesión de enxeñeiro de montes inscribíranse no Rexistro de Colexiados a que se refire o artigo 8. Esta inscrición producirase automaticamente e de oficio coa colexiación.

6. No caso de profesionais doutros Estados membros que se despracen a España para exercer, de maneira temporal ou ocasional, a profesión de enxeñeiro de montes, observarase o disposto na normativa vixente en aplicación do dereito europeo relativa ao

recoñecemento de cualificacións e no Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro. Para efectos de colexiación abondará a comunicación á autoridade competente prevista no artigo 13 da dita norma, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nela.

Artigo 36. *A colexiación e o exercicio profesional baixo forma societaria.*

1. Os colexiados poderán exercer a súa profesión conxuntamente con outro ou outros profesionais, baixo calquera forma lícita recoñecida en dereito. Tamén poderán, de ser o caso, exercer conxuntamente a súa profesión con profesionais doutras disciplinas. O exercicio profesional en forma societaria rexeráse polo disposto na normativa vixente.

2. Para o exercicio profesional en forma societaria é necesario escritura pública de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil para a adquisición de personalidade xurídica, e rexeráse polo disposto na lexislación vixente.

3. Poderanse colexiar, como persoas xurídicas, as sociedades profesionais constituídas baixo calquera forma lícita recoñecida en dereito, en que participe unha ou máis persoas habilitadas para o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes. A sociedade profesional non poderá realizar ningunha actividade profesional baixo a razón ou denominación social ata a súa inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais do COEM.

4. O Rexistro de Sociedades Profesionais:

a) As sociedades profesionais para o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes inscribíranse obrigatoriamente no Rexistro de Sociedades Profesionais do COEM. No caso de sociedades profesionais constituídas antes da entrada en vigor da Lei 2/2007, do 15 de marzo, a obrigaón de inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais recae sobre todos os socios profesionais.

b) O Rexistro de Sociedades Profesionais do COEM rexeráse polas previsións contidas na Lei 2/2007, do 15 de marzo, nos presentes estatutos e no Regulamento de réxime interior do COEM.

c) A inscrición da sociedade profesional no Rexistro de Sociedades Profesionais do COEM produce os efectos xurídicos seguintes:

1.º Incorpora a sociedade ao Colexio.

2.º Suxeita a sociedade ás competencias que a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e os presentes estatutos atribúen ao Colexio sobre os seus membros.

3.º Outorga á sociedade os dereitos e as obrigaóns que recoñecen estes estatutos aos colexiados que sexan persoas físicas, excepto os dereitos electorais e de participación en órganos colexiais.

4.º Permite o acceso da sociedade aos servizos ofrecidos polo Colexio.

d) Nas actividades profesionais que se sometan a visado colexial, este poderá expedirse tamén a favor da sociedade profesional segundo o que dispoña a lexislación vixente.

5. En ningún caso o exercicio mediante sociedades profesionais poderá comportar a imposición de cargas ou tratamento discriminatorios en relación co exercicio individual.

Artigo 37. *Solicitud de ingreso.*

1. A Xunta de Goberno poderá instar o ingreso no Colexio de calquera titulado que leve a cabo actos para os cales se requira a colexiación.

2. O ingreso no COEM solicitarase mediante instancia dirixida ao decano-presidente, coa cal se achegará a documentación enumerada no punto seguinte. O Colexio disporá os medios necesarios para que se poida solicitar o ingreso por vía electrónica, a través do portelo único.

3. Coa solicitude de ingreso achegarase a documentación que xustifique a posesión dalgún dos títulos oficiais previstos no artigo 35 e o pagamento da cota de inscrición, se procede. Ademais, deberase achegar copia do DNI ou documentación equivalente en caso de estranxeiros, fotografía e certificación académica das materias cursadas.

Se o solicitante é estranxeiro, a colexiación entenderase sen prexuízo da necesidade de cumprir os requisitos exixidos pola normativa sobre estranxeiría e inmigración para o establecemento e traballo dos estranxeiros en España.

4. No caso de que se solicite o reingreso no Colexio, estará dispensado de acreditar a titulación se a acreditou debidamente no primeiro ingreso, aínda que se deberán probar tamén as seguintes cuestións, segundo cal fose o motivo da baixa previa no Colexio:

a) Se a baixa se produciu por falta de pagamento de cotas, deberase acreditar o pagamento da cantidade debida máis os xuros legais que correspondan, no caso de que transcorrese, polo menos, un ano entre a baixa e a solicitude de reingreso.

b) Se a baixa se produciu en virtude de sanción ou sentenza xudicial, deberase acreditar o cumprimento ou prescrición da sanción ou o cumprimento da pena.

c) Se a baixa se produciu por incumprimento das condicións para a colexiación, deberase acreditar que se posúen tales condicións.

5. A cota de inscrición non poderá superar os custos de tramitación desta.

Artigo 38. *Resolución da solicitude de ingreso.*

1. O prazo máximo para resolver e notificar a solicitude de ingreso é de tres meses. No caso de que non se resolva e notifique, a solicitude entenderase estimada por silencio positivo, sempre que se cumpran obxectivamente os requisitos imprescindibles para a colexiación establecidos no artigo 35.1.

2. Cando a documentación achegada xustifique que o solicitante reúne os requisitos exixidos para a colexiación, a Xunta de Goberno admitirá inescusablemente o ingreso. Se a Xunta de Goberno considera que a solicitude ou a documentación padece de defectos emendables, requirirase o interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Denegarase a solicitude cando non se acreditasen os requisitos exixidos para a colexiación, ou ben cando o interesado estea cumprindo condena imposta por un tribunal de xustiza que comporte como pena a inhabilitación, absoluta ou especial, para o exercicio da profesión.

4. A resolución da Xunta de Goberno sobre a solicitude de ingreso notificaráselle ao interesado no prazo máximo de dez días hábiles. Contra ela caberá presentar, no prazo dun mes desde a notificación, recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno, ou ben acudir directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. O recurso de reposición deberá resolverse nun prazo máximo dun mes e entenderase desestimado se non se dita acordo en prazo, para os efectos de interpor recurso contencioso-administrativo.

Artigo 39. *Perda da condición de colexiado.*

1. A condición de colexiado pérdese, no caso das persoas físicas, cando se dea algún ou algúns dos supostos seguintes:

a) Por solicitude de baixa voluntaria dirixida ao decano-presidente do Colexio, salvo que o solicitante estea obrigado a pertencer ao Colexio por razón do seu exercicio profesional, caso en que a Xunta de Goberno denegará a solicitude. Contra a resolución da Xunta de Goberno que desestime a solicitude de baixa caben os mesmos recursos que contra a resolución dunha solicitude de ingreso.

b) Por morte ou declaración de falecemento.

c) Por incumprimento dos requisitos para a pertenza ao Colexio.

d) Por sanción disciplinaria conforme o establecido no artigo 48.

e) Por sentenza xudicial firme que comporte a incapacidade ou a inhabilitación para o exercicio da profesión.

2. As sociedades profesionais causarán baixa no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio cando se dea algún ou algúns dos supostos seguintes:

- a) Se procedese á súa disolución. Non obstante, será posible a nova inscrición da sociedade profesional cando se procedese á súa reactivación por ser legalmente posible.
- b) Ao colexiado pertencente á sociedade lle impuxese o Colexio unha sanción firme que implicase a súa expulsión, e na sociedade non houbera outro socio profesional que teña a condición de colexiado enxeñeiro de montes.
- c) Se se elimina do obxecto social a actividade profesional propia dos enxeñeiros de montes, naquelas de carácter multidisciplinar.

3. Os colexiados que teñan dereito a obter a baixa voluntaria obterana nun prazo máximo de dez días hábiles desde que o soliciten de forma adecuada, e cesarán no pagamento da cota desde a data de presentación da solicitude, salvo indicación expresa do interesado.

4. Se calquera colexiado ou sociedade profesional incorre en mora en canto ao pagamento das cotas ou de calquera outro pagamento que estea obrigado a satisfacer, o Colexio requirirá para que satisfaga a súa débeda no prazo máximo dun mes. Se transcorre un segundo mes desde o requirimento sen que faga efectivos os seus débitos colexiais, o moroso poderá quedar suspendido dos dereitos que lle recoñecen os presentes estatutos. A suspensión manterase ata o debido cumprimento dos seus deberes económicos colexiais incrementados co xuro legal correspondente sempre que transcorrese un mínimo dun ano desde o dito impagamento, todo iso sen prexuízo da súa eventual reclamación xudicial e da baixa, de ser o caso. Durante o período de suspensión non se xerarán novas cotas.

Artigo 40. *Dereitos dos colexiados.*

1. Todos os colexiados terán os seguintes dereitos:

- a) Participar no uso e desfrute dos bens do Colexio e dos servizos que este teña establecidos.
- b) Tomar parte nas deliberacións e votacións que nestes estatutos e no Regulamento de réxime interior se preveña.
- c) Solicitar o amparo da Xunta de Goberno ou da xunta reitora autonómica ou territorial cando consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos e intereses como colexiado ou os da corporación.
- d) Interpor ante os órganos do Colexio os recursos que autoricen os presentes estatutos e o Regulamento de réxime interior que o desenvolve.
- e) Levar a cabo os traballos profesionais que sexan solicitados ao Colexio por organismos oficiais, entidades ou particulares e que lles sexan encomendados conforme se estableza no Regulamento de réxime interior.
- f) Presentar a súa candidatura aos cargos colexiais, sempre que cumpran os requisitos que se establezan nos presentes estatutos, no Regulamento de réxime interior e, de ser o caso, nos regulamentos particulares.
- g) Facer uso do servizo de cobramento de honorarios profesionais que implante o COEM de acordo co previsto na normativa vixente a este respecto.
- h) Realizar os trámites pertinentes e a obtención de información necesaria para o exercicio da súa actividade profesional.
- i) Acceder, a través da páxina web do Colexio, ás actas aprobadas das sucesivas xuntas xerais.

2. Os colexiados de número, ademais, poderán:

- a) Exercer a profesión de enxeñeiro de montes en todo o territorio nacional, sempre que posúan o título que os habilite para iso. Os profesionais incorporados en calquera territorio ou comunidade autónoma non requirirán de ningunha comunicación nin habilitación nin do pagamento de contraprestacións económicas distintas das ordinarias para exercer noutro territorio.

b) Solicitar o amparo da Xunta de Goberno ou da xunta reitora autonómica ou territorial cando consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos e intereses no exercicio da profesión de enxeñeiro de montes.

Artigo 41. *Deberes dos Colexiados.*

1. Son deberes dos Colexiados os seguintes:

a) Cumprir estritamente cantas prescricións conteñen estes estatutos e o Regulamento de réxime interior que os desenvolve, así como os acordos que os órganos Colexiais adopten no ámbito das súas respectivas competencias.

b) Cumprir nos seus traballos profesionais cantos preceptos e normas determine a correspondente normativa e, en particular, o disposto no código deontolóxico.

c) Pagar as cotas e os dereitos que fosen aprobados para o sostemento do Colexio e para o desenvolvemento dos diversos fins que se lle encomenden, nos termos establecidos na lei, de ser o caso.

d) Someter ao visado do Colexio a documentación correspondente aos traballos realizados no exercicio profesional, nos supostos establecidos na lexislación vixente e cando o solicite o cliente.

2. Os Colexiados de número, ademais, deberán denunciar ao Colexio aqueles que exerzan actos propios da profesión de enxeñeiros de montes sen posuír o título que para iso os autoriza, os que, mesmo téndoo, non figuren inscritos no Colexio, cando sexa obrigatorio, e os que, sendo Colexiados, falten ás obrigacións que como tales contraian.

CAPÍTULO V

Do réxime económico

Artigo 42. *Recursos económicos.*

Constitúen os recursos económicos do COEM, fixados pola Xunta de Goberno e aprobados pola Xunta Xeral, logo de informe da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais:

1. Recursos ordinarios:

a) As cotas, que poderán ser:

1.º Cota de inscrición ou reingreso que satisfagan os Colexiados e dereitos de incorporación ao Rexistro de Sociedades Profesionais da escritura de constitución e dos demais actos inscricións. Estas cantidades non poderán superar os custos de tramitación.

2.º Cotas periódicas ordinarias.

b) As cantidades que se aboan en concepto de dereitos de visado ou rexistro de traballos profesionais.

c) As recargas por mora no pagamento de calquera concepto, salvo casos xustificadas, segundo se estableza no Regulamento de réxime interior.

d) Os produtos dos bens e dereitos que integren o patrimonio do COEM.

e) Os dereitos que corresponde percibir ao Colexio na legalización de proxectos, expedición de certificados, ditames, informes, asesoramento, etc., así como os beneficios que obteña pola organización de cursos, venda de publicacións, selos e impresos que teña autorizados, e os que obteñan dos seus contratos e convenios con entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais.

f) As subvencións, doazóns, etc. que se concedan ao Colexio.

g) As cantidades recibidas en concepto de sancións pecuniarias establecidas nestes estatutos.

h) Os dereitos por utilización dos servizos que o COEM teña establecidos mediante contraprestación singular.

2. Recursos extraordinarios:

Os recursos extraordinarios estarán constituídos por cantos ingresos eventuais acepte provisionalmente a Xunta de Goberno e definitivamente a Xunta Xeral de Colexiados, así como as cotas extraordinarias dos Colexiados que poida fixar a Xunta Xeral do COEM.

3. As recadacións dos recursos económicos, ordinarios ou extraordinarios, son competencia do secretario xeral por delegación da Xunta de Goberno.

Artigo 43. *Recursos económicos autonómicos ou territoriais.*

1. Para poder facer fronte aos gastos dos órganos de goberno autonómicos ou territoriais destinarase a cada un deles:

a) A asignación dunha parte do Fondo de Financiamento Territorial. Este fondo constitúe a partida do orzamento xeral do Colexio destinado especificamente ao funcionamento dos órganos de goberno autonómicos ou territoriais, e a súa distribución entre estes será proporcional ao número de Colexiados e ao volume de visado e rexistro de traballos profesionais de cada comunidade autónoma ou territorio. O Fondo será administrado pola Xunta de Goberno, que dará conta da súa administración á Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais.

b) As asignacións que se conteñan noutras partidas do orzamento xeral do Colexio para atender actividades ou necesidades específicas dos órganos de goberno autonómicos ou territoriais.

c) Os obtidos das publicacións, servizos ou actividades que realicen os órganos de goberno autonómicos ou territoriais.

d) Outros recursos previstos nos estatutos ou regulamentos particulares de cada territorio ou comunidade autónoma, así como calquera outro recurso permitido pola lei.

2. A xunta reitora territorial ou autonómica só poderá recadar os dereitos de visado e rexistro de traballos profesionais e cobrar os honorarios profesionais devindicados a favor dos Colexiados adscritos ao seu territorio ou comunidade autónoma cando a Xunta de Goberno delegase nela, segundo se establece nos artigos 20 e 23 dos presentes estatutos.

Artigo 44. *Administración económica do Colexio.*

1. O orzamento xeral do Colexio elaborárase segundo principios de eficacia e economía e incluírá a totalidade dos ingresos e gastos Colexiais para o ano económico, que coincidirá co natural. Nel integráranse os das asembleas autonómicas ou territoriais e demais órganos de goberno, e haberá asignacións diferenciadas para o efecto.

2. Corresponde á Xunta de Goberno, a través do secretario xeral, a elaboración dos proxectos de orzamentos dos órganos e servizos xerais que engloban os dos órganos de goberno dos territorios ou comunidades autónomas e a elaboración do orzamento xeral.

3. Unha vez elaborado o orzamento xeral do Colexio, a Xunta de Goberno presentará á Xunta Xeral para a súa aprobación, logo de informe da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais. Esta aprobación deberá levarse a cabo no último trimestre do ano precedente ao exercicio en cuestión. Mentres non se aprobe o orzamento, quedará prorrogado automaticamente o anterior.

4. A administración do orzamento dos órganos de goberno xerais estará a cargo da Xunta de Goberno e a correspondente ao orzamento das asembleas autonómicas ou territoriais, a cargo da respectiva xunta reitora autonómica ou territorial, respectando, en ambos os casos, as atribucións da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais.

5. O interventor revisará as contas antes da súa aprobación polas xuntas de decanos autonómicos ou territoriais e de goberno e a súa presentación á Xunta Xeral para a súa aprobación definitiva.

6. A liquidación do exercicio finalizado, así como as contas e os balances, será sometida para a súa aprobación á Xunta Xeral no primeiro semestre do ano seguinte ao da súa aplicación.

7. O Colexio levará a súa contabilidade con todos os requisitos e circunstancias que exixan as disposicións en vigor referentes ao Plan xeral de contabilidade.

8. Para tal efecto, anualmente levarán a cabo unha auditoría da dita contabilidade as persoas e entidades legalmente habilitadas para o efecto.

9. Formará parte da contabilidade do Colexio a de cada asemblea autonómica ou territorial.

CAPÍTULO VI

Do persoal do Colexio

Artigo 45. *Condicións xerais.*

1. O Colexio disporá dos empregados suficientes para o adecuado funcionamento dos distintos servizos encomendados e demais funcións administrativas.

2. A súa relación laboral rexerese pola lexislación laboral e polo convenio colectivo que resulte de aplicación.

3. A contratación dos empregados acordaraa a Xunta de Goberno consonte criterios de selección obxectiva en función do seu mérito e capacidade, e será formalizada polo secretario xeral.

4. O cargo de xefe de Persoal corresponde ao secretario xeral para o persoal ao servizo dos órganos xerais de goberno, e ao secretario da xunta reitora autonómica ou territorial, para o persoal ao servizo dos órganos autonómicos ou territoriais. En ambos os casos, os empregados dependerán destes para todos os efectos.

CAPÍTULO VII

Réxime disciplinario e Comité de Deontoloxía

Artigo 46. *Réxime disciplinario.*

1. O COEM exerce as funcións disciplinarias para a corrección e prevención das infraccións dos deberes colexiais e da deontoloxía profesional que cometeren os colexiados e, de ser o caso, as sociedades profesionais.

2. Por virtude da súa colexiación, os colexiados quedan sometidos ao réxime disciplinario do Colexio, a teor do disposto no código deontolóxico vixente no momento da comisión da infracción, que integra as facultades de prevención e sanción, exclusivamente, das infraccións dos deberes colexiais e da deontoloxía profesional, fixados con carácter xeral.

A Xunta de Goberno sancionará os membros do Colexio por todos aqueles actos ou omisións en que incorran e que sexan cualificados como infracción nos termos contidos no artigo 47 destes estatutos.

3. Os colexiados, incluídas as sociedades profesionais, que infrinxan os seus deberes profesionais ou os regulados por estes estatutos serán sancionados disciplinariamente, con independencia de calquera outra responsabilidade civil, penal ou administrativa en que poidan incorrer.

Artigo 47. *Infraccións.*

1. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Son infraccións leves:

a) A negligencia no cumprimento de preceptos estatutarios ou de acordos do Colexio ou da Xunta de Goberno.

b) As accións ou omisións enumeradas no número 3, cando non teñan a entidade suficiente para ser consideradas infraccións graves, en función dos prexuízos causados, a intencionalidade ou a reincidencia.

c) Non facilitar ao cliente a información prevista no artigo 22.2 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, no que lles sexa aplicable.

d) Non facilitar os datos persoais que deban subministrarse ao Colexio ou facelo faltando á verdade.

e) A ausencia inxustificada por parte dos seus membros ás reunións das xuntas de goberno ou de decanos.

f) A non convocatoria das reunións dos órganos colexiais por parte de quen teña atribuída esta competencia, nos prazos e formas establecidos.

3. Son infraccións graves:

a) O incumprimento da lexislación reguladora do exercicio profesional, incluída a realización de traballos profesionais con omisión do visado colexial no suposto de que sexa exigible de acordo cos artigos 5 q) e 13 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, e o Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, ou norma que o substitúa.

b) O incumprimento doloso dos preceptos estatutarios ou dos acordos do Colexio ou da Xunta de Goberno.

c) Ocasionar danos que supoñan un prexuízo económico grave para o patrimonio do COEM, dos seus órganos reitores ou dos colexiados, así como ocasionarlles danos que afecten gravemente a súa imaxe e bo nome.

d) O incumprimento das obrigacións económicas co Colexio.

e) A desconsideración e falta de respecto, sexa verbal ou escrita, cun compañeiro ou cun cliente con ocasión do exercicio profesional, ou o atentado contra a dignidade ou honra dos compañeiros con ocasión do exercicio profesional.

f) Atentar contra os intereses dos consumidores e usuarios dos servizos do colexiado.

g) A realización de traballos que, pola súa índole, afecten negativamente o prestixio profesional.

h) O incumprimento polos socios profesionais da obriga legal de instar a inscrición da sociedade profesional no Rexistro de Sociedades Profesionais, e demais actos inscricións.

i) Ter sido sancionado en tres ocasións por infraccións leves no prazo de cinco anos.

j) A imposición de visar os traballos colexiais aos clientes, cando non sexa legalmente exigible.

k) O abandono de funcións e a inactividade dos membros dos órganos de goberno.

l) A aplicación indebida e inxustificada de cantidades consignadas nos orzamentos anuais para fins distintos aos previstos nestes.

m) A omisión, incumprimento ou atraso grave e inxustificado na execución das ordes ou acordos emanados dos órganos de goberno da organización colexial.

n) A ocultación de datos ou elementos de xuízo de interese xeral para a profesión que existan ou que, pola súa natureza, deben figurar en poder dos responsables dos colexios oficiais ou do Consello Xeral.

ñ) A infracción grave do segredo profesional, por culpa ou negligencia, con prexuízo para terceiros.

o) O incumprimento das sancións impostas por infraccións disciplinarias, unha vez que sexan exigibles.

p) O incumprimento do código deontolóxico no referido clientes e usuarios.

q) A falta de comunicación ao Rexistro Mercantil da constitución dunha sociedade profesional ou das modificacións posteriores de socios, administradores ou do contrato social.

r) O incumprimento das previsións legais en relación cos requisitos de capital, composición de órganos de administración e representación das sociedades profesionais, xa sexa mediante acordos públicos, xa sexa mediante acordos privados ou actuacións concertadas entre os socios.

s) Carecer a sociedade profesional de póliza de seguro que cubra as responsabilidades en que poida incurrir no exercicio de actividades que constitúen o obxecto social.

4. Son infraccións moi graves:

- a) Calquera feito constitutivo de delito, así declarado por sentenza firme, que afecte o decoro ou a ética profesional.
- b) Ter sido sancionado en dúas ocasións por infraccións graves no prazo de cinco anos.
- c) O encubrimento da intrusión profesional.
- d) A realización de actividades, a participación en asociacións, sociedades ou outros entes que teñan fins ou realicen funcións que sexan exclusivas do Colexio.

Artigo 48. *Sancións disciplinarias.*

As sancións disciplinarias poderán ser as seguintes:

1. Cando as infraccións sexan cometidas por un profesional individual, o Colexio poderalle impor as sancións seguintes:

- a) Pola comisión de infraccións leves: o apercibimento verbal do decano-presidente ou o apercibimento por escrito da Xunta de Goberno, ambos de forma pública ou privada.
- b) Pola comisión de infraccións graves: a suspensión de colexiación por un prazo non superior a seis meses, ou a suspensión dos dereitos colexiais, incluíndo o de sufraxio e o de ocupar cargos colexiais, así como o dereito ao visado profesional por un prazo non superior a seis meses.
- c) Pola comisión de infraccións moi graves: a suspensión de colexiación por un prazo superior a seis meses e inferior a dous anos; a suspensión dos dereitos colexiais, incluíndo o de sufraxio e o de ocupar cargos colexiais, así como o dereito ao visado profesional por un prazo superior a seis meses e inferior a dous anos; ou a expulsión do colexio ata cinco anos.

2. Cando as infraccións sexan cometidas por unha sociedade profesional, o Colexio poderalle impor as sancións seguintes:

- a) Pola comisión de infraccións leves: multa de ata mil euros.
- b) Pola comisión de infraccións graves: multa desde mil un ata dez mil euros ou baixa temporal no Rexistro de Sociedades Profesionais con prohibición de exercicio profesional por prazo non superior a un ano.
- c) Pola comisión de infraccións moi graves: baixa temporal no Rexistro de Sociedades Profesionais con prohibición de exercicio profesional por prazo superior a un ano e inferior a tres anos, e multa desde dez mil un a trinta mil euros, ou baixa definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais con prohibición indefinida de exercicio profesional.

As sancións que se impoñan ás sociedades profesionais consistentes na baixa temporal ou na exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais serán comunicadas ao Ministerio de Xustiza e ao Rexistro Mercantil en que a sociedade sancionada estea inscrita.

3. Dentro dos límites establecidos, as sancións imporanse atendendo ás seguintes circunstancias:

- a) Intensidade do dano causado.
- b) Grao de culpa.
- c) Beneficio económico obtido polo infractor.
- d) Corrección da situación creada pola comisión da infracción.

Artigo 49. *Comité de Deontoloxía. Composición e competencias.*

1. O Comité de Deontoloxía é o órgano encargado de acordar a acción disciplinaria dentro da vía corporativa, exclusivamente sobre os Colexiados que incumpran os deberes profesionais ou corporativos. Para isto goza de autonomía respecto aos demais órganos e pode solicitar todos cantos antecedentes e documentos precise para o desenvolvemento da súa función. Garantirase a separación do instrutor con respecto do comité como órgano competente para resolver. O instrutor non poderá intervir nas deliberacións nin na toma de decisión do órgano disciplinario.

2. Está composto por un presidente e un vicepresidente, elixidos por e entre os membros da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais; polo decano do territorio ou comunidade autónoma á que estea adscrito o denunciado, por dous membros da Comisión Executiva designados por esta que non sexan o decano-presidente e vicedecano do Colexio e por un vogal da Xunta de Goberno elixido por esta. No Regulamento de réxime interior establecerase o procedemento de recusación dos membros do Comité, que procederá nos supostos establecidos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. O Comité de Deontoloxía porá a resolución sancionadora en coñecemento da Xunta de Goberno para a súa execución, quen o fará saber ao Colexiado denunciado, á xunta reitora autonómica ou territorial do lugar dos feitos e, de ser o caso, de adscrición do Colexiado expedientado, así como aos denunciados.

4. Contra as sancións os Colexiados afectados poden recorrer mediante recurso de alzada no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno e a súa execución quedará en suspenso ata a súa resolución, que se notificará no prazo de tres meses. Este recurso esgota a vía administrativa e contra ela poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 50. *Procedemento.*

1. A imposición de calquera sanción disciplinaria exige a formación previa do expediente no cal terá, en todo caso, audiencia o interesado, quen poderá facer alegacións e achegar a el cantas probas coide convenientes na súa defensa. Este expediente pode iniciarse por denuncia da Xunta de Goberno ou en virtude de denuncia presentada ante esta ou ante a xunta reitora autonómica ou territorial correspondente por calquera outro órgano corporativo ou por Colexiados ou por calquera outra persoa. En calquera caso, sinalará as presuntas infraccións e achegará as probas oportunas.

Ao ter coñecemento dunha suposta infracción, o órgano disciplinario competente decidirá, á vista dos antecedentes dispoñibles, ordenar o arquivamento das actuacións ou a incoación de expediente, e designará nese momento un instrutor.

2. No suposto de que a denuncia sexa presentada ante a xunta reitora autonómica ou territorial, esta deberá remitila no prazo dun mes á Xunta de Goberno, órgano competente en calquera caso para dar traslado das denuncias interpostas ao Comité de Deontoloxía, que rexeitará as denuncias que non reúnan os requisitos exixidos no número 1.

3. Se a xunta reitora autonómica ou territorial non dá traslado da denuncia no prazo indicado, o denunciante poderá presentar a denuncia directamente ante a Xunta de Goberno, quen porá inmediatamente os feitos en coñecemento da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, co fin de decidir se procede apercibir a xunta reitora autonómica ou territorial.

4. O órgano encargado de resolver, antes de ditar resolución, poderá devolver ao instrutor o expediente, mediante acordo motivado, para a práctica das dilixencias que sexan imprescindibles para a adopción da resolución.

5. A resolución, que será motivada, decidirá todas as cuestións presentadas polo interesado e aquelas outras derivadas do procedemento, que se lle deberán notificar no prazo de dez días hábiles seguintes ao da súa adopción, con expresión dos recursos que procedan, así como os prazos para interpolos, de acordo coa lexislación vixente.

6. No Regulamento de réxime interior desenvolveranse as normas para incoar e instruír expedientes, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 51. *Extinción da responsabilidade disciplinaria.*

1. As responsabilidades disciplinarias extinguíranse co cumprimento da sanción, co falecemento do infractor, coa prescrición da infracción ou coa prescrición da sanción.

2. En canto á prescrición das infraccións e das sancións:

- a) As infraccións leves prescribirán aos seis meses.
- b) As infraccións graves, aos dous anos.
- c) As infraccións moi graves, aos tres anos.
- d) As sancións por infraccións leves, aos seis meses.
- e) As sancións por infraccións graves, aos dous anos.
- f) As sancións por infraccións moi graves, aos tres anos, salvo a expulsión do colexio, que prescribirá aos cinco anos.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar a partir da data da comisión da infracción e, en canto ás sancións, desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en sede xudicial e, na súa falta, administrativa, a resolución pola cal se impón a sanción.

4. Os prazos de prescrición interromperanse por calquera actuación colexial, expresa e manifesta, dirixida a investigar a presunta infracción, ou pola iniciación do procedemento de execución, respectivamente, con coñecemento do interesado. O prazo restablecerase se o procedemento está paralizado durante dous meses por causa non imputable ao presunto responsable ou infractor.

5. Calquera sanción non cancelada ou que debería telo sido fai inadmisíbel a presentación como candidato a calquera elección ou o desempeño de calquera cargo colexial por parte do colexiado sancionado.

6. Os sancionados poderán solicitar a cancelación das sancións nos seus respectivos expedientes persoais, unha vez transcorridos os seguintes prazos, contados desde o cumprimento ou prescrición da sanción:

- a) Un ano no caso das sancións por infraccións leves,
- b) Dous anos no caso das sancións por infraccións graves e
- c) Tres anos no caso das sancións por infraccións moi graves.

Os trámites de cancelación dos antecedentes levaranse a cabo de igual forma que para o axuízamento e a sanción das infraccións e con iguais recursos.

A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador para todos os efectos, incluído o da reincidencia. As sancións canceláranse de oficio cando corresponda. Se a cancelación debeu terse producido e non se fixo, o interesado poderá instar e o Colexio deberá proceder de inmediato. En todo caso, as sancións non canceladas que o deberían ter sido carecerán de efectos.

7. Nos casos de expulsión, a Xunta de Goberno poderá, transcorridos ao menos cinco anos desde a firmeza da sanción, acordar a rehabilitación do expulsado, para o que deberá incoar o oportuno expediente por petición deste. A Xunta de Goberno, oída a xunta reitora autonómica ou territorial, decidirá acerca da rehabilitación, en atención ás circunstancias de feito concorrentes no solicitante.

CAPÍTULO VIII

Das distinciónsArtigo 52. *Distincións.*

1. O Colexio poderá conceder distincións a aquelas persoas, colexiadas ou non, que prestasen servizos destacados á corporación ou contribuísen notablemente a aumentar o prestixio da profesión. Estas distincións son, por orde de maior mérito:

- a) Título de colexiado de honra.
- b) Medalla de honra.

2. Estas distincións serán concedidas pola Xunta Xeral, por proposta da Xunta de Goberno por iniciativa propia ou por iniciativa previa da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais, ou dunha Xunta Reitora Territorial ou Autonómica.

CAPÍTULO IX

Do réxime xurídico dos actos colexiaisArtigo 53. *Réxime xurídico dos actos dos órganos colexiais.*

1. O Colexio axustará a súa actuación ao disposto na lexislación vixente sobre réxime xurídico das administracións públicas e sobre procedemento administrativo común, mentres actúe no exercicio de funcións públicas. Consideraranse en todo caso funcións públicas do Colexio o control das condicións de ingreso na profesión, a emisión de informes preceptivos ao visado e rexistro de proxectos, e a potestade disciplinaria.

2. Serán válidos só os actos ditados por órganos competentes, dentro do uso das súas atribucións e cos requisitos establecidos nelas.

3. Os que supoñan a denegación da colexiación, ou do visado a traballos profesionais ou os seus encargos, ou os que resolvan recursos, así como os que en calquera outra forma impliquen restrición a un colexiado dos dereitos recoñecidos nestes estatutos, deben ser debidamente xustificados. A resolución dos recursos corporativos contra eles interpostos require a vista e audiencia no procedemento ao interesado.

4. A notificación debe conter o texto íntegro do acto, certificado polo secretario xeral do órgano que o ditou, así como a expresión, de ser o caso, dos recursos procedentes e débese dirixir ao domicilio declarado ao Colexio, mediante un procedemento que deixe constancia fidedigna da súa recepción.

5. Son nulos de pleno dereito os actos dos órganos colexiais nos supostos establecidos no artigo 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Son anulables os actos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.

6. Os actos e acordos propios das xuntas reitoras autonómicas ou territoriais son susceptibles de recurso de alzada ante a Xunta de Goberno, e os propios desta e da Xunta Xeral causan estado e só son impugnables en reposición previa á vía xurisdiccional revisora cando proceda consonte as leis.

7. Todo recurso ante órganos do Colexio deberá interporse no prazo dun mes contado desde a data da notificación do acto impugnado. Se o recurso é de alzada, transcorridos tres meses desde a interposición do recurso sen que se ditase resolución expresa, poderase entender desestimado. Se se trata dun recurso de reposición, o prazo anterior será dun mes.

8. Unha vez esgotada a vía corporativa, queda expedita a do recurso contencioso-administrativo en caso de que se trate dunha actuación sometida ao dereito administrativo.

CAPÍTULO X

Da modificación de estatutos

Artigo 54. *Reforma de estatutos.*

Corresponderá á Xunta de Goberno, por iniciativa propia, da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais ou do 25% dos colexiados, elaborar a proposta de reforma de estatutos, que deberá contar co informe da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais e posteriormente ser ratificada pola Xunta Xeral, con carácter previo a ser sometida á aprobación do Goberno.

Artigo 55. *Adaptación dos estatutos.*

Cando as leis que regulen o réxime xurídico dos colexios profesionais e o exercicio das profesións tituladas así o impoñan ou o fagan necesario, a Xunta de Goberno adaptará á dita normativa os estatutos e someteraa a informe da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais e á posterior ratificación da Xunta Xeral, con carácter previo a ser sometida á aprobación do Goberno.

CAPÍTULO XI

Do Regulamento de réxime interior

Artigo 56. *Regulamento de réxime interior.*

O Colexio disporá dun regulamento de réxime interior, que será elaborado pola Xunta de Goberno e contará co informe da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais para a súa posterior aprobación pola Xunta Xeral. Este regulamento non poderá conter preceptos que contraveñan os destes estatutos.

CAPÍTULO XII

Da disolución do Colexio

Artigo 57. *Disolución do Colexio.*

1. A proposta de disolución do Colexio corresponde á Xunta de Goberno por unanimidade, ou a todas as xuntas reitoras autonómicas ou territoriais, e deberá ser aprobada por unha maioría de catro quintos da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais e ratificado por Xunta Xeral extraordinaria.

2. En caso afirmativo, a decisión será sometida ao Goberno da Nación e formarase unha comisión liquidadora de cinco membros elixidos pola Xunta Xeral por proposta conxunta da Xunta de Decanos Autonómicos ou Territoriais e da Xunta de Goberno, para resolver sobre o patrimonio e a distribución do resultado.

Disposición transitoria única. *Vixencia do Regulamento de réxime interior.*

O Regulamento de réxime interior aprobado con data do 19 de xuño de 2003 continuará vixente no que non se contradiga co disposto nestes estatutos.